



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Cabeza Perciro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pérez Rodríguez, María Rosa  
Pou Saracho, Juan María  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vázquez García, Celia

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
González Cerdeira, Xulia  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula  
Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Comesaña González, Brais

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diz Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
López Díaz, María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 28 de novembro de 2013, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **28 de novembro de 2013**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, dos criterios para a selección de corpo docente e áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2013.
4. Aprobación, se procede, da proposta de membros da Comisión de Internacionalización Lingüística.
5. Aprobación, se procede, da proposta de membros da Comisión de Mobilidade Internacional.
6. Ratificación, se procede, do plan de estudos do ciclo de Especialización do Programa de Maiores das Aulas Abertas da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da creación e participación das empresas propostas como EBT da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Roberto Pereira Moreira contra o acordo do Consello de Departamento, de 10 de maio de 2013, onde se aprobou o POD do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.
9. Execución da sentenza do TSXG, de 16 de outubro de 2013, pola que se anula o acordo do Consello de Goberno, de 26 de xaneiro de 2012.
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Física.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Acordo de cooperación académica entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio cooperación académica entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo para o intercambio de docentes/investigadores, estudantes e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Samara State Aerospace University* (Rusia) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Samara State Aerospace University* (Rusia) para o intercambio de estudantes – Convenio

marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Institución Universitaria Politécnico Grancolombiano* (Colombia).

12. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2013.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para informar dos seguintes asuntos.

1. Datos de matrícula en primeiro curso e dos datos globais. Respecto do primeiro curso de grao, o número de estudantes matriculados é 3550, o que supón 16 estudantes máis que o ano pasado. Estamos aproximadamente nun 95% de ocupación, con só 180 prazas vacantes entre os 3 campus. Tras o axuste da oferta que se realizou nos últimos anos, atopámonos nunha situación de estabilización.

Por campus, o número de estudantes de primeiro curso de grao é:

- OU: 806 matriculados, 92% de ocupación
- PO: 690 matriculados, 96% de ocupación
- VI: 2054 matriculados, 96% de ocupación

Nos másteres, o número de alumnos novos foi de 1683 fronte aos 1707 do pasado curso.

O número total é de 22250 estudantes, 39 estudantes menos que o curso pasado, o que tamén reflicte a estabilización no tamaño da universidade.

Con respecto as titulacións que neste curso non alcanzan o número mínimo previsto polo decreto de titulacións, salienta que estes datos só serán computados o vindeiro curso e que para ese momento xa estarán previsiblemente implantados coas modificacións que este Consello de Goberno aprobou no mes de outubro. Ademais, nalgúns casos, non será preciso ningunha modificación, xa que a nova redacción do decreto de titulacións permite agregar os datos de entrada dos títulos que comparten 90 ECTS nos dous primeiros cursos.

O reitor di que dende o equipo de goberno se valorou moi positivamente os datos de matrícula do curso 2013-2014. Insistiu en que, tras o axuste da oferta que se realizou nos últimos anos, atopámonos nunha situación de estabilización na que as cifras apenas se moven con respecto ao curso pasado. Respecto aos títulos que non completaron a súa oferta, ten confianza en que as modificacións incorporadas permitan garantir dentro dun ano o mantemento de todos os títulos que se imparten na UVigo.

2. Respecto o Campus do Mar, di que a principios de novembro recibíuse o informe de seguimento do Campus do Mar; que neste segundo ano acadamos de novo a máxima cualificación: A-Bo progreso.
3. Informe da alegación realizada ao proxecto de Lei de orzamentos de Galicia 2014: o reitor di que o obxectivo desta alegación é intentar corrixir o texto do proxecto, para intentar mudar o escenario na autorización de prazas de profesorado laboral. Sinala que desde as tres universidades de Galicia enviouse aos diferentes grupos parlamentarios do Parlamento Galego un documento de alegacións para a súa valoración e, de ser o caso, presentación de emendas parciais ao texto do proxecto de Lei de orzamentos da CAG para 2014. En dito documento se solicita, ademais, a inclusión da contratación temporal no ámbito universitario entre os sectores prioritarios que se excepcional da prohibición xeral de contratación temporal. De maneira complementaria tamén fixo referencia a que durante o mes de novembro se enviou dende a CRUE un documento a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, para conseguir a través destes introducir no proxecto de orzamentos do Estado emendas encamiñadas a mudar as restricións á oferta de emprego público.
4. Acreditación formal por parte do Consello da Xunta de Galicia: sinala que o día 21 de novembro, despois de varios meses de traballo, a Xunta de Galicia deu a súa autorización para iniciar o plan de especialización do Campus da Auga. Leva incorporado un contrato programa por obxectivos, que posicionará ao Campus de Ourense nun espazo académico e de investigación líder en temáticas da auga.
5. Respecto ao campus CREA, enmarcado no Campus de Pontevedra, sinala que xa se deu o primeiro paso: crear grupos nos que participen a totalidade dos centros, tamén se fará unha enquisa de opinión entre os investigadores do Campus de Pontevedra sobre o plan estratéxico.
6. Foi nomeada, a proposta do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, a Comisión Técnica de Atención ao Estudiantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (COATEN), que está formada por:
  - Ricardo Corderí Salgado
  - Cándido Pérez Betanzos
  - Manuel Ojea Rúa
  - María Ángeles Parrilla Latas
  - José Manuel Pazos Rosales
  - María del Carmen Ruíz Hidalgo
  - Namibia Pérez Dapena
  - Ángel Holguera Domínguez

Esta comisión constituíuse no día de onte.

Toma a palabra o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen informa do que segue.

Comeza dicindo que quere informar a este Consello do recente final, positivo como esperábase, do proceso de certificación dos sistemas de garantía da calidade da Facultade de Bioloxía e da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Que conste a felicitación aos centros, aos seus equipos directivos e, máis en concreto, ás coordinadoras de calidade respectivas que levaron a maior carga do traballo. Persoalmente, quere destacar o traballo dos técnicos de calidade da Universidade, pensa que é importante recoñecer o traballo ben feito e que conste en órganos como este Consello de Goberno.

O vicerreitor di que é importante sinalar que, aínda que se trataba dun plan piloto de certificación, ao que as universidades presentaban os seus centros que consideraban máis preparados, en contra do que se podería pensar, non todos os centros que foron do SUG obtiveron unha avaliación positiva; este dato permite valorar adecuadamente no seu contexto o traballo feito en bioloxía e telecomunicacións.

Di que a experiencia acumulada por todos nos procesos seguidos nestes dous centros, será moi valiosa noutros procesos similares polos que iremos pasando. Que nestes momentos estase a poñer en marcha unha nova convocatoria de certificación de sistemas, para o que, a día de hoxe, varios centros xa manifestaron a esta vicerreitoría o seu interese en participar.

Salienta que, ademais, estase a poñer en marcha pola ACSUG un plan piloto de renovación da certificación de titulacións, ao que a Universidade de Vigo presenta á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación coas catro titulacións de grao e máster que ten adscritas. Que, dada a transcendencia que ten o dito proceso para o futuro das nosas titulacións, xa que nos vindeiros anos deberán renovar ás súas acreditacións, é de agradecer que a Facultade de Ciencias Sociais asuma o rol de ser a vangarda da Universidade.

O vicerreitor remata dicindo que no seu momento irá informando máis en detalle a este Consello.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, dos criterios para a selección de corpo docente e áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2013.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións explica que, en aplicación da taxa de reposición establecida na Lei xeral de orzamentos do Estado do ano 2013, a Universidade de Vigo pode convocar no ano 2013 dúas prazas dos corpos docentes universitarios. Indica que en diferente reunión da Mesa de PDI, foron consensuados os criterios de selección que se presentan, e que se resumen nos seguintes apartados:

1. As dúas prazas corresponderán ao corpo de Profesores Titulares de Universidade.
2. As prazas corresponderán a ámbitos de coñecemento diferentes.

3. Para seleccionar as áreas nesta convocatoria ordenaranse as áreas en función dun indicador P, que relaciona docencia da área no curso 2013/14 coa total de PDI funcionario da área. Seleccionaranse as dúas áreas con menor valor de P.
4. Para esta convocatoria, só se considerarán as áreas de coñecemento nas que exista profesorado que na data 31 de decembro de 2012 tivese a condición de contratado doutor ou contratado doutor interino, e nesa data contase coa acreditación para o corpo de Profesores Titulares de Universidade.
5. Delégase na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) a selección das áreas resultantes da aplicación dos criterios aprobados.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Alba Castro formula a posibilidade de que, no cálculo do indicador P, en lugar de dividir entre 240 poderíase dividir entre a carga media da área. A vicerreitora responde que a idea non é esa, que se calcula en base á carga estándar que é de 240 horas.

O Prof. Rodríguez Berrocal intervén para dicir que coincide co Prof. Alba Castro. Pregunta se se podería utilizar a taxa de reposición para convocar prazas de profesorado Contratado Doutor. Di que bota de menos un debate co seu grupo sobre determinados aspectos de política universitaria e avanza a súa abstención. A vicerreitora responde que as prazas deben ser dos corpos docentes universitarios.

O Prof. Jaime Cabeza di que o seu grupo desexa participar máis na toma de decisións; que deberían buscarse saídas creativas ligadas a procesos de funcionarización do PDI. Engade que se debe traballar noutras políticas coa Xunta de Galicia.

O reitor agradece a intervención e di que teñen a porta aberta para suscitar preguntas e aportar solucións, tanto desde o punto de vista institucional como informal.

O Prof. Caballero solicita unha aclaración na redacción, relativa ás horas de docencia da área no cálculo do indicador P.

Sométese a votación:

Votos a favor: 30  
Votos en contra: 0  
Abstencións: 6

Apróbanse os criterios para a selección de corpo docente e áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2013 (**Anexo I**).

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da proposta de membros da Comisión de Internacionalización Lingüística.

Toma a palabra o vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, para expoñer que a devandita proposta se realiza ao abeiro do Plan de Internacionalización Lingüística, aprobado en Consello de Goberno de 21 de marzo de 2013, e do acordo de Consello de Goberno, de 29 de outubro de 2013, polo que se modifica dito Plan:

- Polo sector PDI:

- Elena B. Martín Ortega (Ámbito Tecnolóxico, Campus de Vigo)
- Javier Pérez Guerra (Ámbito Humanístico, Campus de Vigo)
- Elena de Prada Creo (Ámbito Xurídico Social, Campus de Ourense)
- Alicia González Represas (Ámbito Sanitario, Campus de Pontevedra)
- Armando Caballero Rúa (Ámbito Científico, Campus de Vigo)

- Polo sector PAS:

- Henar Quintas Salgado

- Polo sector Estudiantes:

- 2 membros do Consello de Goberno do Sector Estudiantes, a proposta deles.

Intervén Brais Comesaña para dicir que consultou a proposta cos estudantes, pero que non estaban interesados, xa que teñen moita carga de traballo.

O vicerreitor solicita a habilitación ao Consello de Goberno para falar cos representantes do sector estudantes, para así intentar traer unha proposta de nomeamento no próximo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da proposta de membros da Comisión de Mobilidade Internacional.

Toma a palabra o vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, para expoñer que a devandita proposta se realiza ao abeiro do Artigo 6 do Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno de 7 de Maio de 2013:

- 5 Responsables de RR.II.:

- José Pita Castelo (Fac. de CC.SS. e da Comunicación, Campus de Pontevedra)
- Susana Reboredo Morillo (Fac. de Historia, Campus de Ourense)
- Ana Elina Martínez Ínsua (Fac. de Filoloxía e Tradución, Campus de Vigo)

- Vicenta Soledad Martínez Zorzano (Fac. de Bioloxía, Campus de Vigo)
- Carmen Pérez Pérez (Escola de Enxeñaría de Minas, Campus de Vigo)
  
- Persoal de Administración e Servizos:
  - María del Consejo Hermida Lago
  
- Polo sector Estudiantes:
  - Clara Luján Fernández Rodríguez
  - Xiana Rebouras Almeida

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Ratificación, se procede, do plan de estudos do ciclo de Especialización do Programa de Maiores das Aulas Abertas da Universidade de Vigo.

O vicerreitor dá conta ao Consello de Goberno da Resolución reitoral, do 24 de xullo de 2013, pola que se aproba o programa de maiores e a proposta de materias para o curso académico 2013-2014 que consta no **Anexo II**.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da creación e participación das empresas propostas como EBT da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia de Coñecemento, quen comeza pola proposta para a creación e participación da empresa BIOTECNOGAL, S.L. como EBT da UVigo. En primeiro lugar, describe o proxecto e o equipo emprendedor. Informa que xurde do equipo de Biotecnoloxía Agroalimentaria (EQ7) do Departamento de Enxeñaría Química, da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense. Que a empresa busca a explotación do know-how e dos resultados de investigación do grupo no ámbito da biotecnoloxía e a enoloxía. Di que a participación da UVigo na mesma sería mediante subscripción de participacións, de conformidade co artigo da LOU, dunha porcentaxe de 10 % por un valor 300 euros. Engade que segundo o informe final da OTRI e aplicando o resultado do baremo deseñado pola Vicerreitoría de Transferencia para axuda na toma de decisión, arroxa un resultado de 10642,2 puntos, nos que se cumpren os criterios estratéxicos, criterios técnicos e económicos para autorizar a participación da UVigo na devandita EBT.

Continúa informando da proposta para a creación e participación da empresa VOLTA SPACE, S.L. como EBT da UVigo. Di que a iniciativa VOLTA SPACE estaría baseada principalmente no know-how do grupo de investigación de Radiocomunicación (SC1) da Escola de Telecomunicacións da Universidade de Vigo, no desenvolvemento de nanosatélites e microsátélites. Sinala os produtos e servizos que se ofrecerán a través da nova empresa. Sinala que na documentación, entre outros documentos, figura o informe OTRI, que tras valorar os criterios estratéxicos, económicos e técnicos conclúe que no caso de que a universidade resolva participar,

tería que desembolsar unha cantidade de 1500 € máximo (estimando unha porcentaxe de 5% no capital).

Por último, o vicerreitor informa do proxecto e equipo emprendedor GEODEM, S.L.. Di que é unha iniciativa de base tecnolóxica (EBT), constituída no ano 2009, que xorde da experiencia do grupo de investigación de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente da Escola de Enxeñería Forestal da Universidade de Vigo. A liña de negocio está baseada na consultaría en enxeñería medioambiental e dos recursos naturais e, sobre todo, na formación especializada neste ámbito.

Intervén Carlos Mollinedo para dicir que defende a creación e participación da UVigo nas EBTS, pero pregunta se utiliza espazos propios da Universidade.

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor Transferencia de Coñecemento, quen dá lectura do informe da OTRI. Engade que a empresa se creou no 2009, pero que non puido constituírse como EBT por falta de normativa na UVigo; que a participación da Universidade permitiría levantar a incompatibilidade do profesor.

O vicerreitor solicita ao reitor que se ceda a palabra a Dna. Ángeles López Lozano, responsable de la OTRI.

Seguidamente intervén Dna. Ángeles López Lozano, quen dá conta de como se desenvolve o procedemento de xestión das iniciativas de creación de empresas baseadas en resultados de investigación da nosa Universidade. Que a OTRI se encarga de asesorar aos promotores e de analizar a viabilidade técnica, económica e comercial da idea de negocio. Que se axuda á posta en marcha do business plan, e unha vez que se crea a empresa se procede á firma do acordo de transferencia polo cal a tecnoloxía/knowhow ou patente na que se basea a actividade empresarial, e que pertence á Universidade, é transferida á empresa para a súa explotación a cambio dunha regalía. Así mesmo, aclarou que o grupo de investigación, promotor da empresa GEODEM, S.L., viña realizando antes da súa constitución a prestación de servizos a terceiros ao amparo do artigo 83 da LOU, que recolle actividades de investigación, formación e artísticas que os investigadores realizan de xeito puntual; e que cando adquiren relevancia poden converterse en liñas de negocio independentes da propia universidade, constituíndo entidades mercantís. Que, en definitiva, só se analiza a viabilidade técnica e comercial; que desde a OTRI non se procede ao control de uso de recursos, medios e infraestruturas da propia Universidade por parte do grupo investigador promotor.

Intervén o reitor para someter ao Consello de Goberno o que segue:

- Aprobación de creación e participación da empresa BIOTECNOGAL, S.L. como EBT da UVigo.
- Aprobación de creación e participación da empresa VOLTA SPACE, S.L. como EBT da UVigo.



O reitor engade que a aprobación da proposta polo Consello de Goberno, permite darlle trámite para a súa posterior aprobación definitiva polo Consello Social. Sinala que se pospón a aprobación de GEODEM, S.L. para que se estuden e corríxan, de existir, as deficiencias apuntadas.

Apróbase por asentimento a creación e participación da empresa BIOTECNOGAL, S.L. como EBT da UVigo, así como a creación e participación da empresa VOLTA SPACE, S.L. como EBT da UVigo.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Roberto Pereira Moreira contra o acordo do Consello de Departamento, de 10 de maio de 2013, onde se aprobou o POD do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.

O reitor cede a palabra a secretaria xeral quen informa que o profesor D. Roberto Pereira Moreira presenta un recurso de alzada contra o acordo, de data 10 de maio, do Consello de Departamento de Fundamentos de Análise Económica e Historia, no que se aproba o Plan de Organización Docente para o curso 2013/2014. Que solicita a súa anulación.

No seu recurso, o profesor solicita que a asignación da carga lectiva teórica (320 horas) pase a 200 horas, é dicir, se recoñeza o dereito a unha redución de 120 horas para realizar a tese doutoral, restando das 200 horas a minoración que corresponda á parte de reparto de exceso de capacidade docente da Área de Departamento, e restando a dedución adicional pola dirección dos traballos de fin de grao.

O interesado fundamenta a súa pretensión de recoñecemento da redución de 120 horas por realizar a tese doutoral, na disposición adicional segunda da Lei Orgánica 4/2007, nos Estatutos da Universidade, artigo 84, e nunha hipotética, xa que descoñece se está en vigor, normativa de utilización do crédito docente do departamento do ano 1996.

A Secretaria xeral informa que para resolver o recurso según consta no informe de asesoría xurídica se tiveron en conta os seguintes fundamentos de dereito:

O artigo 68 da Lei Orgánica de Universidades, relativo ao réxime de dedicación sinala:

*2. Con carácter general, el personal docente e investigador funcionario de las Universidades en régimen de dedicación a tiempo completo dedicará a la actividad docente la parte de la jornada necesaria para impartir en cada curso un total de 24 créditos ECTS.*

*No obstante, la dedicación a la actividad docente de este personal podrá variar en función de la actividad investigadora reconocida de conformidad con el Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribuciones del profesorado universitario, y que haya dado lugar a la percepción del complemento de*

*productividad previsto en el artículo 2.4 del mismo, y atendiendo a las siguientes reglas:*

*a) ...*

*b) Deberá dedicar a la función docente la parte de la jornada necesaria para impartir en cada curso un total de 32 créditos ECTS, quien se encuentre en alguna de las siguientes situaciones:*

*– Que no haya sometido a evaluación el primer período de seis años de actividad investigadora o que haya obtenido una evaluación negativa de dicho período.*

*– Que hayan transcurrido más de seis años desde la última evaluación positiva.*

A disposición adicional 2ª da Lei Orgánica 4/2007 sinala:

*Las universidades establecerán programas tendentes a favorecer que los Profesores Titulares de Escuela Universitaria puedan compaginar sus tareas docentes con la obtención del Título de Doctor.*

O artigo 84 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón:

*O profesorado da Universidade de Vigo ten plena capacidade docente. Os doutores ou doutoras da Universidade de Vigo teñen plena capacidade investigadora. A Universidade de Vigo ten a obriga de lles facilitar medios e recursos aos seus membros que non sexan doutores ou doutoras para conseguir a plena capacidade investigadora.*

De conformidade co artigo 68 da Lei Orgánica de Universidades, o interesado enmarcaríase no apartado b), xa que no POD atribúeselle como carga docente teórica 320 horas, minoradas en 14 horas pola dirección de dous traballos de fin de carreira, resultando un total de 306 horas.

Por outra banda na Normativa de Dedicación do Profesorado e de Recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2013/2014, aprobada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo en data 21 de febreiro de 2013, non se contempla a pretensión do interesado de que se recoñeza o dereito a unha redución de 120 horas para realizar a tese doutoral.

Tanto da disposición adicional segunda da lei orgánica 4/2007 como do artigo 84 dos Estatutos da Universidade de Vigo, dedúcese que a Universidade facilitará a través de programas, medios e recursos a obtención do título de doutor, pero non establece que sexa a través da redución da carga docente.

De acordo co exposto anteriormente, propónse a desestimación do recurso.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

**Punto 9.** Execución da sentenza do TSXG, de 16 de outubro de 2013, pola que se anula o acordo do Consello de Goberno, de 26 de xaneiro de 2012.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen tras dar conta dos antecedentes do caso informa que:

- Con data de 18 de outubro recibíuse a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 16 de outubro de 2013. A resolución xudicial establece no seu fallo: *Desestimar o recurso de apelación formulado pola Universidade de Vigo fronte á sentenza ditada o 15 de abril de 2012 polo xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense pola que se estimou o recurso contencioso-administrativo interposto por d. Gonzalo Astray Dopazo contra a resolución da universidade de Vigo de 29 de maio de 2012 pola que se desestimou o recurso de reposición formulado contra o acordo do Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012, pola que se denegou o premio extraordinario de doutorado.*
- Con data de 20 de novembro de 2013, díxose Dilixencia de Ordenación no procedemento Recurso Contencioso-Administrativo, Procedemento Abreviado 256/12, pola que se comunica a esta Universidade de Vigo a firmeza da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo Nº2 de Ourense de 15 de abril de 2013, pola que se anulaba a resolución da Universidade de Vigo, de data 29 de maio de 2012, que á súa vez desestimaba o recurso de reposición presentado no seu día contra o Acordo do Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012, polo que se denegaba o Premio Extraordinario de Doutoramento a D. Gonzalo Astray Dopazo. Que na devandita dilixencia de ordenación se lle require para que practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo da Sentenza de 15 de abril de 2013.

A secretaria xeral di que en cumprimento dos referidos pronunciamentos xudiciais, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, debe proceder a cumprir o fallo da sentenza e outorgar o Premio Extraordinario de Doutoramento do curso académico 2010/2011 a D. Gonzalo Astray Dopazo dado que se anula a resolución da Universidade de Vigo, de data 29 de maio de 2012.

A secretaria xeral dá conta dos razoamentos xurídicos da sentenza. Dá lectura á precisión recollida no fundamento xurídico número catro, no que o tribunal salienta que pese a existir desvío formal de poder, isto é, aplicación errada de motivación nun acto administrativo (erro de dereito sen apreciar intencionalidade de fraude de lei ou de potestade) é distinta da desviación de poder material. O Tribunal non aprecia no caso de autos por parte do Consello de Goberno unha finalidade espuria e maliciosa. Ao contrario, o Tribunal aínda que desestima o recurso interposto pola Universidade de Vigo en defensa da Resolución de data 29 de maio de 2012, ditada ao amparo do acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2012, faíno coa precisión de constatar unha motivación errada, pero baixo unha finalidade ben intencionada por parte do

Consello de Goberno, xa que é patente que lle animaba a velar pola reputación da Universidade, como reflexa claramente a acta da sesión do Consello de Goberno.

A secretaria informa que finalizado o Consello de Goberno, procederase a comunicar ao investigador a execución da sentenza e o acordo do Consello de Goberno, así como remitirle ao seu domicilio a certificación do premio extraordinario de doutoramento máis a medalla acreditativa. Igualmente darase conta ao TSXG do acordo adoptado. A secretaria xeral fai a precisión que o cumprimento da sentenza non afecta ao premio extraordinario doutoramento do ámbito científico que foi concedido á seguinte candidata da lista.

Acórdase outorgar o Premio Extraordinario de Doutoramento do curso académico 2010/2011 a D. Gonzalo Astray Dopazo en cumprimento de execución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do día 16 de outubro de 2013, pola que se anulaba o acordo do Consello de Goberno de data 26 de xaneiro de 2012.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Física.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen di que o artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón que é competencia do Consello de Departamento a elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.

Que segundo o artigo 39 dos Estatutos establece que lle corresponde ao Consello de Goberno a aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.

Que o Departamento de Química Física elaborou un novo regulamento para adaptalo á LOU. Antes da súa remisión a esta Secretaría Xeral, de acordo co establecido no artigo 46 dos Estatutos, foi aprobado polo Consello de Departamento.

O texto do regulamento adaptouse ao informe de legalidade emitido pola Asesoría Xurídica.

Que en cumprimento do establecido no artigo 39 dos Estatutos, sométese á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Física que consta no **Anexo III**.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Acordo de cooperación académica entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio cooperación académica entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo para o intercambio de docentes/investigadores, estudantes e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Samara State Aerospace University* (Rusia) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Samara State*

*Aerospace University* (Rusia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Institución Universitaria Politécnico Grancolombiano* (Colombia).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 12.** Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Federico Fernández, representante da CIG, para expresar o que segue a continuación:

O PAS laboral da Uvigo ven demandando, dende hai tempo, un proceso negociador para dar cumprimento aos compromisos tanto das forzas sindicais como do equipo de goberno.

Así, as forzas sindicais e o Comité de Empresa veñen pedindo, de xeito reiterado dende hai máis dun ano, negociar os procesos que máis consecuencias teñen no desenvolvemento das condicións laborais do PAS laboral.

Os tres procesos de maior calado e transcendencia son funcionarización, RPT e Convenio Colectivo. A xerencia condicionou a negociación do convenio para poder negociar outros asuntos. Nós non entendemos que a negociación do convenio sexa una condición para negociar RPT e Funcionarización. Aínda así, estivemos negociando sempre de boa fe o convenio. Non acadando acordo para un novo convenio, si acordamos prorrogar o que temos ata o 31 de decembro de 2014.

Pois ben, tendo un convenio colectivo que regula as condicións laborais, non hai impedimento para desenvolver as negociacións xa previstas nel. Funcionarización e RPT poden negociarse de xeito independente e sen que haxa ningún condicionante alleo ás propias inercias da negociación.

Por todo isto, unha vez máis reclamamos deste equipo de goberno que se lle dea á Xerencia o impulso necesario para proceder á negociación da funcionarización e a RPT.

Por outro lado queremos saber cal é a decisión do equipo de goberno respecto das sentenzas do TSXG, sobre a supresión da paga extra de 2012.

O Reitor cede a palabra ao Xerente, o cal informa que non se pode por en dúbida a boa fe de ámbalas dúas partes no proceso negociador do III Convenio Colectivo do PAS da Universidade de Vigo, que o mesmo se desenvolveu ao longo de 27 reunións, podéndose acceder ás actas dende a páxina web da Universidade. Neste proceso, partindo do documento inicial proposto pola Xerencia, se chegou a un documento completo que é resultado das achegas de ámbalas dúas partes. Que, finalmente, as seccións sindicais decidiron non aceptar o mesmo. Por este motivo é polo que conxuntamente se decidiu prorrogar o actual convenio ata o 31 de decembro de 2014, para, por unha banda, garantir que o PAS dispoña dun convenio e, por outra banda, para dar tempo

a continuar co proceso negociador, xa que a Xerencia entende que ningunha das partes renunciou a chegar a un acordo.

Recorda que no momento de iniciar todo o proceso se sentaron as bases da negociación e se estableceron as fases do mesmo, consistentes basicamente en pechar nun primeiro termo o texto dun novo convenio, que permitira dispor da ferramenta precisa para abordar inmediatamente a negociación dunha nova relación de postos de traballo e ao tempo o proceso de funcionarización do PAS Laboral, e que a propia continuidade do mesmo indica unha aceptación desta metodoloxía por ámbalas dúas partes.

O Xerente di que a metodoloxía formulada é a axeitada e que está a espera das novas propostas das seccións sindicais, para tentar chegar a un acordo no texto do novo convenio colectivo, que non dá por rematado o proceso.

En relación ás sentenzas do TSXG, relativas á supresión da paga extra de 2012, informa que as tres universidades de Galicia decidiron conxuntamente presentar recurso contra as mesmas. O obxectivo é evitar que a culpa recaia sobre as Universidades, que como administracións públicas non tiveron máis remedio que aplicar as normas, tanto do Estado como da Xunta, xa que a maiores esta última restou das achegas da CC.AA. ás Universidades o importe equivalente ao que estas se viron obrigadas a detraer aos seus traballadores. Entende que a responsabilidade é de quen dita as normas e que por iso está á espera da previsible sentenza do Tribunal Constitucional, entre outras cousas para ter maior soporte e garantías para reclamar as achegas correspondentes a eses pagos que teremos que efectuar á CC.AA.

Intervén o Sr. Xan Cebro, representante do PAS, para expresar o que segue a continuación:

Nestes intres hai enriba da mesa de negociación, entre a Xerencia e a Xunta de Persoal, tres temas de gran importancia: modificación da RPT, promoción interna e resolución das reclamacións económicas, relativas ós niveis 16 e 20.

1. Respecto á RPT: Neste apartado hai un acordo entre a Xunta de Persoal e a Xerencia onde se aproba unha modificación puntual de RPT, polo tanto, non vou entrar neste Consello de Goberno, senón cando veña á súa aprobación, a analizar o devandito acordo.

2. Respecto á promoción interna: Voume centrar na promoción interna do grupo C2 ao C1. A Xerencia propón que a devandita promoción sexa realizada en dúas convocatorias: 60 % na primeira convocatoria e o 40 % na segunda convocatoria. Esta proposta é totalmente inxusta e racha coa política desenvolvida nesta universidade dende o acordo da Xunta de Goberno do ano 1996.

Non existe ningún motivo legal nin económico para sacar o 100 % das prazas a promoción interna. Polo tanto, solicito que o equipo de goberno faga unha reflexión sobre este asunto e presente unha proposta onde promocionen o 100 % dos compañeiros nunha única convocatoria. De non ser así, tal e como dixeran ao principio, sería totalmente inxusto e discriminatorio.

3. Respecto aos recursos dos niveis 16 e 20: A xerencia propón un acordo onde veña recollido ese dereito, pero sen efectos retroactivos, tal e como solicitan os compañeiros afectados. É dicir, propón que se recoñeza a partires do 1 de xaneiro do 2014 as diferencias salariais entre o específico deses niveis na Universidade cos específicos marcados na Xunta de Galiza. Esta medida suporía unha mellora salarial de 6 euros brutos mensuais. Non se pode aceptar este acordo, xa que logo, estaríamos cercenando e prexudicando aos compañeiros se decidiran acudir á vía xudicial, cousa que nós apoiariamos sindicalmente a través dos nosos servizos xurídicos. Se estivésemos falando dunha mellora de 500 ou 600 euros anuais, e non destas cantidades, a nosa posición sería totalmente diferente.

O Reitor cede a palabra ao Xerente, o cal en primeiro termo informa que o que está a tratar o Sr. Cebro e materia de negociación sindical e que o foro de traballo é a mesa negociadora da Xerencia coa Xunta PAS Funcionario. Tamén informa que entende que o proceso negociador está en curso e que o primeiro resultado é o acordo asinado entre Xerencia e presidente da Xunta PAS Funcionario, que amosa, para a modificación puntual da RPT, certo que co desacordo da representación da CIG PAS funcionario en dito órgano.

Informa que esta modificación puntual, que é ampla e complexa, vai máis alá que atender ao cumprimento dunhas sentenzas xudiciais, a mesma permite achegar a estrutura da RPT do PAS Funcionario ás novas necesidades da Universidade, entre outras cousas, coa creación dunha Unidade de Relacións Internacionais e dunha Unidade de Apoio ós Centros de Investigación, con vocación de crecemento futuro. Tamén permite reforzar áreas importantes para a xestión da Universidade como a Unidade de Estudos e Programas, responsable do caderno de mando da Universidade, nun tempo en que temos que ser transparentes e facilitar ás diferentes instancias que solicitan os datos requiridos para a valoración do PFSUG, para o INE, para os Contratos Programa, para Tribunal de Contas, para a CRUE, para o Sistema de Información Universitaria do Ministerio, etc. Así como o Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, encargado de desenvolver a Contabilidade Analítica, que nos esixe a Intervención Xeral do Estado e o Ministerio de Educación. Todo o anterior sen prexuízo de estabilizar ou reforzar actividades e profesionais que dan soporte a área de investigación no Campus de Ourense ou a área económica do ámbito tecnolóxico. Todo o cal a súa vez permite a promoción profesional do PAS Funcionario.

No que se refire aos demais temas, entende que o proceso negociador está en curso, que as partes están a debater sobre as diferentes alternativas, que xa se acadaron acordos sobre parte dos temas e que están en discusión outros, pero que o marco negociador reside na Mesa Xerencia-Xunta PAS funcionarios.

Toma a palabra o Sr. Carlos Mollinedo, para facer a seguinte intervención:

Despois de ter transcorrido un ano e, concretamente o 12 de Novembro, neste mesmo órgano preguntei polo compromiso de vostede e a súa equipa de goberno para traballar no eido do proceso de funcionarización do persoal laboral; estamos ao remate do seu mandato e no referente ao seu compromiso con adiantarse ao diálogo social, e

determinar a carreira administrativa do persoal. O único co que nos atopamos a día de hoxe son imperativos; os compromisos que marcaba o convenio do PAS laboral, no referente á adicional 9º, RPT, concursos de traslados, funcionarización, promoción e estabilidade laboral e profesional, están sen resolver, sen iniciarse e sen vontade; cónstame que o Comité de Empresa de Pontevedra ten demandado da Xerencia reiteradas veces estes procesos pendentes.

Polo que, rógole que convoque os comités de empresa do PAS para crear unha mesa técnica que se comprometa no menor tempo posible a dar solución a este pedimento reiterado. Ou ben defina cal é o seu compromiso co PAS laboral.

Intervén o vicerreitor de economía e planificación para insistir en que este equipo de goberno mantén a oferta, xa realizada ao inicio deste período de goberno, para a negociación e acordo dun plan de funcionarización do PAS laboral. Pero que un paso previo imprescindible é culminar o proceso negociador do III Convenio Colectivo para o PAS Laboral da Universidade de Vigo, aos efectos de dispor da ferramenta necesaria que permita, en primeiro lugar, deseñar axeitadamente unha carreira profesional para o persoal implicado; para a continuación poder acometer con éxito a negociación dunha nova relación de postos de traballo do PAS laboral que sexa adecuada ás necesidades e retos aos que se enfronta a institución; e, finalmente, poder abordar con garantías o proceso de integración do PAS Laboral na estrutura funcional xa existente.

Intervén a Profª Mercedes Suárez para pedir que se reduza a carga de traballo burocrático que imponen os proceso de calidade, que se está utilizando aos investigadores en tarefas burocráticas.

Responde o reitor que vai transmitir ao director da ASUGA a simplificación nos procedementos e ampliar prazos. Que desde a CRUE se tomaron iniciativas, pero que o cabalo de batalla está en cuestionar o sistema e a mesma metodoloxía, que sempre que ten ocasión no Consello de Universidades di algo ao respecto.

Intervén o Prof. Berrocal para preguntar polo resultado da convocatoria da produción de transferencia; suxire que se aínda non se resolveu, que se arbitre un anticipo aos departamentos.

Responde o vicerreitor que xa está resolta. Que se recibiron un elevado número de achegas, da orde de 4000; que está pendente de levalo á Comisión de Investigación. Que non pode comprometer un adiantamento no pago de produción de transferencia porque non ten orzamento.

Intervén o Prof. Berrocal para suxerir equivalencia nas partidas orzamentarias. Solicita información sobre a convocatoria de solicitude de patentes.

Responde o reitor que non é unha convocatoria competitiva, considera que do mesmo xeito que sucede na Xunta de Galicia, que a posibilidade de pedir fondos estea aberta todo o curso académico como estratexia para estimular aos investigadores a solicitar o rexistro de patentes. A OTRI ten a función de informar e asesorar neste aspecto, que se trata de atender todas as peticións



e valorar o súa carácter técnico ou competitivo, e con ese fin destináronse fondos. No entanto daranse instrucións para que a información sexa máis completa.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para ler un rogo que fixeron chegar dende a CIG e que a UGT se adhira matizando que, en todo caso, o que habería de aplicarse é a normativa de dedicación docente. Ademais, como a condición exposta non quedou por escrito, UGT solicita que se leve este punto á COAP e a Mesa do PDI.

O Prof. Bienvenido pasa a ler o escrito (**Anexo IV**), no que solicita que se rectifique, á maior brevidade posible, a situación irregular descrita e se adapte a capacidade docente do profesorado ao Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Responde a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que a revisión do POD do segundo cuadrimestre do curso académico 2012/2013 foi excepcional e obedeceu á entrada en vigor da nova normativa estatal.

Engade que, como xa indicou nun Consello de Goberno anterior, para a aprobación do POD do curso 2013/2014 se fixo unha foto fixa cos sexenios que o profesorado ten no mes de decembro de 2012, e a partir de aí calculouse a capacidade docente anual do PDI. Os sexenios obtidos máis tarde, non se deben ter en conta nin para rebaixar a dedicación nin para subila en caso de denegación, xa que a programación anual ten que ter estabilidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 horas do día 28 de novembro de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Reitor.

O Reitor  
Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral  
M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez

